



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 322

VIII legislatura

28 de setembro de 2010

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

[98964](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

A Ponencia designada pola Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, para emitir informe sobre o Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, nas reunións e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto do proxecto e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o devandito órgano, este

INFORME

1

Antecedentes

1. O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 4 de xuño de 2010, co número de rexistro 36940.

2. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 7 de xuño de 2010, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 247, do 8 de xuño de 2010) e a apertura do prazo de presentación de emendas que rematou –logo da súas ampliacións– os días 25 de xuño e 9 de setembro de 2010, para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente.

Así mesmo, na súa reunión do día 15 de xuño, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.

3. As emendas presentadas á totalidade e ao articulado —cualificadas respectivamente pola Mesa da Comisión nas sesións dos días 28 de xuño e 13 de setembro e publicadas nos BOPG núms. 261, do 28 de xuño, e 314, do 16 de setembro de 2010— foron:

— Dúas emendas á totalidade de devolución: docs. núms. 39599, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, e 39649, do G.P. dos Socialistas de Galicia.

— E vinte e nove emendas ao articulado: catorce do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 47922) e quince do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 47923).

4. Na sesión plenaria extraordinaria do día 20 de xullo de 2010 rexeitáronse as anteditas emendas á totalidade de devolución.

2

Constitución, composición e reunións da Ponencia

2.1. Constitución e composición da Ponencia.

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 16 de setembro 2010, designou a Ponencia, integrada polos seguintes ponentes

— Do G.P. Popular de Galicia: dona Paula Prado del Río (titular) e dona Marta Rodríguez Arias (suplente).

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia: dona Silvia Belén Fraga Santos (titular) e dona Carmen Cajide Hervés (suplente).

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: dona Ana Belén Pontón Mondelo (titular) e don Carlos Ignacio Aymenrich Cano (suplente).

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 20 de setembro de 2010, presidida polo Sr. García López, presidente en funcións desta Comisión, e coa asistencia das ponentes Sras. Prado del Río, Cajide Hervés e Pontón Mondelo.

Na segunda reunión, que tivo lugar o día 23 de setembro de 2010, coa asistencia das ponentes titulares: Sras. Prado del Río, Fraga Santos e Pontón Mondelo, emitiuse o informe coas recomendacións definitivas desta Ponencia.

3

Elaboración do informe

A Ponencia recoméndalle á Comisión, por maioría –co voto a favor da ponente do G.P. Popular de Galicia e en contra das ponentes dos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego–, o rexeitamento das catorce emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia e das quince emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, e consecuentemente o mantemento do texto do proxecto de lei na súa redacción orixinal

4

Texto articulado do Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

Exposición de motivos

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 4.2, que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removeren os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, creou o Servizo Galego de Igualdade do Home e da Muller como organismo autónomo

dirixido á promoción e á adopción de medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva das mulleres e dos homes, para remover os obstáculos que impidan a participación e a integración da muller na vida social, cultural, educativa, económica e política de Galicia. O devandito organismo autónomo así creado estivo adscrito ás distintas consellerías de Traballo e Servizos Sociais; Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude; Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, e mais á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

O Decreto 82/2009, do 21 de abril, establece os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, entre os que figura a Secretaría Xeral da Igualdade. No mesmo decreto establécese a adscrición á Presidencia do organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

O Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, establece a dependencia funcional da Secretaría Xeral da Igualdade da Presidencia da Xunta e a dependencia orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Así mesmo, no seu artigo 1.º.3, adscribe á Secretaría Xeral da Igualdade o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Como continuación do proceso de racionalización das estruturas administrativas parece conveniente atribuír ao departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, e dentro deste en concreto á Secretaría Xeral da Igualdade, as funcións e as competencias desenvolvidas ata o de agora polo citado organismo autónomo. Deste xeito, a Secretaría Xeral da Igualdade quedaría establecida como o órgano da Comunidade Autónoma de Galicia que aglutina os anteriormente existentes en materia de igualdade, co que se lles dá así un novo pulo ás políticas autonómicas de igualdade de acordo coa experiencia acumulada, que confirma que unha axeitada estrutura organizativa repercute de maneira directa nunha maior eficiencia e eficacia na aplicación das políticas de igualdade dirixidas á cidadanía. Así mesmo, esta nova estrutura servirá para aplicar con maior eficacia a transversalidade do principio de igualdade en todas as políticas e accións desenvolvidas pola Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 6 da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Así, a Secretaría Xeral da Igualdade asume como fins a eliminación da discriminación entre mulleres e homes, a promoción da igualdade e a erradicación dos prexuízos de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía para Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e na demais lexislación aplicable na materia.

As mesmas razóns de coordinación, eficacia administrativa e unidade na materia, que xustifican a supresión do organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e a asunción das súas competencias pola Secretaría Xeral da Igualdade, aconsellan tamén a modificación de determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, referentes ás medidas municipais de conciliación, e máis concretamente aos bancos municipais de tempo e aos plans de programación do tempo da cidade. A agrupación das principais competencias das políticas de igualdade dará lugar a unha maior eficacia e racionalidade na implantación das diferentes medidas, tanto en materia de igualdade coma de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, pola estreita relación que existe entre o desenvolvemento das políticas de igualdade coas actuacións de conciliación e a progresiva incorporación en igualdade das mulleres.

Artigo único.— Supresión do organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

1. Suprímese o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. As funcións atribuídas ao organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, pasarán á entrada en vigor desta lei a ser desenvolvidas polo departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.

Disposición adicional primeira.— Réxime do persoal

O persoal que á entrada en vigor desta lei estivera prestando servizos no Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller quedará adscrito ao departamento da

Administración autonómica competente en materia de igualdade.

Malia o anterior, os órganos competentes poderán efectuar as reasignacións de efectivos que procedan.

Disposición adicional segunda.— Réxime patrimonial

1. Os bens do organismo autónomo suprimido e os adscritos para o cumprimento dos seus fins incorporaranse ao patrimonio da Comunidade Autónoma. A súa afectación e adscrición produciranse conforme o previsto na normativa aplicable en materia de patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia subrógase na titularidade dos dereitos e das obrigas do organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Disposición derogatoria única.— Derrogación normativa

1. Derrógase a Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. Así mesmo, derróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira.— Modificación da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

Un.- Modifícase o artigo 7, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 7. Unidade Administrativa de Igualdade

A Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, que terá como mínimo a categoría de servizo, estará coordinada co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Esta unidade estará dotada de persoal funcionario ou laboral con experiencia e formación acreditadas en materia de igualdade entre mulleres e homes.»

Dous.- Modifícase o artigo 42, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 42. Promoción autonómica das medidas municipais de conciliación

1. As medidas adoptadas polos concellos coa finalidade de facilitaren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras, constitúan ou non un plan local de conciliación, serán promovidas polo departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo.

2. A promoción autonómica das medidas municipais de conciliación desenvolverase regulamentariamente, despois de ser oída a Federación Galega de Municipios e Provincias, e preverá a implantación de bancos municipais de tempo e de plans de programación do tempo da cidade.

3. Os plans locais de conciliación executaranse buscando a colaboración entre as entidades locais e a autonómica, nos termos convenientes, atendendo ás particularidades de cada concello, para o que se habilitarán as axudas correspondentes.»

Tres.- Modifícase o artigo 46, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 46. Medidas de apoio aos bancos municipais de tempo

O departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade fomentará, en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, a constitución de bancos municipais de tempo, e habilitará as axudas correspondentes para a xestión, a organización e a posta en marcha deles, de acordo co desenvolvemento regulamentario correspondente.»

Catro.- Modifícase o artigo 51, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 51. Medidas de apoio aos plans de programación do tempo da cidade

O departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade fomentará, en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, o establecemento de plans de programación do tempo da cidade, de maneira especial se se implican varios concellos, para o que se habilitarán as axudas correspondentes, de acordo co desenvolvemento regulamentario correspondente.»

Cinco.- Modifícase a disposición derradeira primeira, que queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición derradeira primeira.— Habilitación regulamentaria

A Xunta de Galicia ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento regulamentario desta lei. Para a súa aplicación, facúltase o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo e o departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan precisas. En particular, facúltase o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo para elaborar, a través da correspondente orde, a lista das profesións nas que as mulleres galegas están subrepresentadas.»

Disposición derradeira segunda.— Referencias legislativas

As referencias ao organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller contidas na lexislación vixente deberanse entender referidas ao departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.

Disposición derradeira terceira.— Título competencial

Esta lei dítase en exercicio das competencias contidas nos artigos 4.2 e 27.1 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Disposición derradeira cuarta.— Desenvolvemento normativo

A Xunta de Galicia ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento regulamentario desta lei. Para a súa aplicación, facúltase o departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade para ditaren cantas disposicións sexan precisas.

Disposición derradeira quinta.— Dotacións orzamentarias

Facúltase a persoa titular da Consellería de Facenda para ditar as disposicións necesarias para a xestión dos créditos afectados polas reformas contidas nesta lei, así como para realizar as modificacións orzamentarias necesarias, sen que en ningún caso se poida orixinar incremento de gasto.

Disposición derradeira sexta.— Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Malia o previsto no parágrafo anterior, as prescricións contidas na disposición derradeira primeira desta lei producirán efectos a partir do 1 de xaneiro de 2011.

O organismo autónomo suprimido no artigo único desta lei continuará desenvolvendo as súas competencias e funcións para o cumprimento dos seus fins deica a entrada en vigor do decreto da nova estrutura orgánica do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2010

Paula Prado del Río
Silvia Belén Fraga Santos
Ana Belén Pontón Mondelo

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727